

Brétemas

Notas do traballo de edición e algunhas outras anotacións. Blog de Manuel Bragado Rodríguez.
Vigo. Galicia

[Home](#) / [Autores](#) / [Onte 964: A Gala das Letras 2014](#)

Onte 964: A Gala das Letras 2014

[bretemas](#) — 4 de Maio de 2014 — [Deixa un comentario](#)



A [Gala das Letras](#), na que se entregaron en Pontevedra [os Premios AELG 2014](#), deixounos algúns [momentos para conservar](#). O fermoso e firme discurso literario de [Cesáreo Sánchez Iglesias](#), felizmente recuperado, foi a maior ledicia do serán. As palabras de [Xabier DoCampo](#), cando recolleu o premio ao libro infantil e xuvenil, agradecendo o traballo e o compromiso coa lingua de todos os creadores. A defensa do xornalismo e do xornalismo en lingua galega feita por [Carne Vidal](#), [premiada como mellor traxectoria do xornalismo cultural](#).

A reivindicación de maior atención para a edición de textos dramáticos, [expresada por Roi Vidal e Avelino González](#), un chamamento a considerar polos editores. O discurso de [Bernardo Atxaga](#) (unha fachenda volver abrazalo) alertando sobre [a importancia e fortaleza do pequeno](#), relatando con ironía a entrevista que lle fixo a Ferrín en Vigo durante unha noite, [a súa admiración polos debuxos de Castelao](#), a súa gratitude a Celso Emilio Ferreiro e, sobre todo, a súa insistencia no valor da lingua, xa que «cando un perde a lingua queda nunha posición subordinada». Como o [peche emocionante](#) de [Xabier Blanco](#), o noso admirado [Gaiteiro de Moaña](#), xustamente recoñecido como mestre da memoria, que nos deixou un sabor dóce e un chisco saudoso. Parabéns aos responsables da organización da AELG, por tan magnífico e rigoroso traballo. Beizóns para Antía, Mercedes e Cesáreo.

Recomendo a [excelente crónica a de Sermos Galiza](#).

Comparte este artigo:



En [Autores](#), [Beizóns](#), [Cultura](#), [Eventos](#), [Lingua](#), [Música](#), [Onte](#), [Premios](#), [Teatro](#), [Xerais](#), [Xornalismo](#) [antía_oter](#), [avelino_gonzález](#), [bernardo_atxaga](#), [carne_vidal](#), [castelao](#), [celso_emilio_ferreiro](#),